



Praza do Concello, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que este Concello presentou o día 13 de febreiro de 2020 unha solicitude de subvención para a contratación de 2 socorristas ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020).

Visto que a Xefa do Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, resolveu favorablemente a concesión dunha subvención para a contratación de dous socorristas o día 12 de xuño de 2020.

Vista as bases de convocatoria que regulan o proceso de selección de un emprego de carácter laboral temporal de socorrista para as piscinas municipais do Concello de Mondoñedo (Programa Fomento da Empregabilidade), aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2020-0137 do 16 de xuño de 2020.

Vista a Base Quinta na que se establece que rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde aprobará, a lista de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

En virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos e excluídos coa especificación, de ser o caso, do motivo da exclusión:

CANDIDATAS/OS INCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	DNI
1.- GONZÁLEZ DÍAZ, DAVID	***2915**
2.- LÓPEZ OVIEDO, MARTA	***8337**
3.- SECO GALLO, LIDIA	***5083**

Segundo.- Elevar esta listaxe provisional a definitiva, dado que non hai candidatos/as excluídos/as.

Terceiro.- Designar como membros do Tribunal Cualificador:

Presidente: Raúl González-Redondo Ares (Técnico de Deportes)

Secretaria: María Esther Otero González (Responsable da Oficina de Información Xuvenil)

Vogais:

Montserrat López González (Traballadora Social)

Marta Candocia Acción (Arquitecta dos Servizos Técnicos Municipais)

Abel Vigo García (Arqueólogo Municipal)

Cuarto.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador o vindeiro luns 29 de xuño de 2020 ás 10.00 h para a constitución do tribunal e a oportuna baremación de méritos.

Quinto.- Como reflicte a base oitava, a letra a partir da que se fará o desempate por apelidos, no caso de ser necesario, realizarase en acto público no Salón de Actos de Servizos Sociais da Casa do Concello de Mondoñedo, planta baixa o luns 29 de xuño ás 10:30.





Praza do Concello, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

Sexto.- Ordenar a publicación da lista nos termos recollidos nesta convocatoria.

Así o ordena e asina o Sr. Alcalde.
Mondoñedo, na data de sinatura

O Alcalde
Manuel Ángel Otero Legide

Ante min,
a Secretaria-Interventora,
Ana Isabel Candame Areosa

(documento asinado dixitalmente a marxe)

